

BORRADOR ORDENANZA REGULADORA DO ACCESO RESTRINXIDO DE VEHÍCULOS ÁS ZONAS PEONÍS DE FISTERRA.

Artigo 1º.

A presente ordenanza regula as condicións de acceso restrinxido de vehículos ás vías ou zonas peonís de Fisterra.

Artigo 2º.

Zonas peonís son aquelas nas que o Concello de Fisterra prohíbe total ou parcialmente a circulación rodada así como o estacionamento de vehículos.

Artigo 3º.

Estas vías ou zonas serán acotadas coa correspondente sinalización vertical, así como coa instalación doutros elementos que impidan ou restrinxan o acceso de vehículos a tales lugares.

O seguimento e control de entradas e saídas das zonas peonís realzarase pola Policía Local.

Artigo 4º.

Nas zonas peonís a prohibición de circulación e estacionamento de vehículos poderá:

- Comprender a totalidade das vías que se encontran no interior da zona acotada e sinalizada.
- Limitar a prohibición tanto de circulación como do estacionamento a un horario.
- Ser de carácter fixo ou referirse só a determinadas horas e determinados días ou tempadas.

Artigo 5º.

En calquera dos casos, estas restricións non afectan aos vehículos debidamente autorizados polo Concello en atención tanto ás diferentes circunstancias do lugar como do usuario do vehículo, conforme á regulación que se establece nos artigos seguintes. Tampouco afectará ás bicicletas, que poderán circular pola zona peonil libremente sempre que o fagan á velocidade dunha persoa que camiña a un paso normal.

Artigo 6º.

Nas zonas e vías peonís o peón gozará de prioridade sobre os vehículos agás cando estes circulen en servizo de urxencia e así o sonoricen regulamentariamente.

Artigo 7º.

As zonas e vías peonís terán limitada a velocidade a 10 km/hora.

Artigo 8º.

Poderán acceder á zona peonil todo/a aquel/a que obteña a tarxeta de pase, (previa solicitude) quen a obtivera por atoparse nas seguintes circunstancias:

- A) Vehículos pertencentes a veciñas e veciños residentes na zona peonil.
- B) Empresas de servizos para vehículos comerciais que estean realizando operación de carga e descarga.
- C) Titulares de actividades comerciais en locais situados na zona peonil.
- D) As ambulancias, cando estean de servizo.
- E) As funerarias, cando estean de servizo.
- F) Bombeiros, sanitarios de urxencia, policía ou protección civil.
- G) Outros vehículos que distribúan mercancías aos establecidos no apartado C.
- H) Gremios.

-As empresas de servizos para atender posibles avarías en situación de urxencia.

-Os construtores, durante o tempo que dure a execución das obras en edificios situados na zona peonil.

-Outros gremios durante o tempo que dure a execución das obras en edificios situados na zona peonil.

- I) Outros vehículos que contén coa correspondente autorización.

Non obstante ao anterior, o Concello poderá moderar as condicións de acceso á zona peonil a persoas, empresas, gremios ou entidades sinaladas nos apartados anteriores, como consecuencia da modificación do tráfico rodado na vila ou en situación de festas ou a organización doutros eventos e actividades que afecten a estas vías.

Queda absolutamente prohibida a circulación rodada pola zona peonil á marxe das situacións e circunstancias formuladas nesta ordenanza.

A obtención dunha tarxeta de pase a zonas peonís será trala solicitude con rexistro de entrada no Concello demostrando que cumpren algún dos requisitos sinalados anteriormente

Artigo 9º.

- A) Acceso de vehículos comerciais e outros vehículos que distribúan mercancías aos establecementos sinalados no apartado C do artigo 8 que estean realizando operación de carga e descarga.

Os labores de carga e descarga realizaranse dentro do horario establecido e no seu caso, nas zonas reservadas ao efecto.

Horario de carga e descarga:

-De luns a sábado: De 8 a 13 horas e de 16 a 19 horas.

-Domingos e festivos: Os domingos e festivos poderán entrar coa súa tarxeta aqueles vehículos vinculados a actividades comerciais ubicadas nos lugares da zona regulada.

B) As operación de carga e descarga non durarán máis que o tempo imprescindible para levar a cabo varias tarefas, non excedendo en ningún caso de 20 minutos.

Artigo 10 -Acceso a veciñas, veciños e residentes:

1. Trala concesión da tarxeta, poderán acceder ao seu domicilio ás 24 horas do día, para operación de carga e descarga de mercancías pesadas e/ou voluminosas, traslado de persoas dependentes ou urxencia médica.

2. O tempo de permanencia na zona peonil será o mínimo indispensable para realizar as operacións anteriores e en ningún caso superior aos 30 minutos.

Artigo 11º.

Acceso dos titulares das actividades comerciais ou industriais nos locais situados na zona peonil que se encontren de alta no IAE.

-Nos días e horas regulados para a carga e descarga no artigo 9.

Naqueloutros casos en que o autorice a Xunta de Goberno Local polas condicións particulares da actividade ou por outras circunstancias debidamente acreditadas pola ou polo solicitante.

Artigo 12º.

Acceso a gremios:

1-Poderán solicitar a tarxeta:

-As empresas de fontanería para atender a posibles avarías en situación de urxencia.

-Os construtores, durante o tempo que dure a execución das obras en edificios situados nas zonas peonís.

-Outros gremios, durante o tempo que dure a execución das obras en edificios situados en zonas peonís.

2-O acceso quedará limitado ao horario comprendido entre as 8 e as 19 horas.

3-O tempo de permanencia nas zonas peonís será o mínimo indispensable para cargar ou descargar o material da obra. Durante o tempo que dure o traballo nas vivendas o construtor deberá aparcar o vehículo fóra da zona peonil.

Artigo 13º.

Outros accesos;

-As ambulancias, coches funerarios, vehículos de bombeiros, urxencias, policía, garda civil, limpeza viaria, reollida de residuos urbanos cando estean prestando os respectivos servizos.

-Outros vehículos que contén coa correspondente autorización da Xunta de Goberno Local.

Artigo 14º.

O acceso sen a debida autorización e a permanencia sen motivo que o xustifique serán obxecto de sanción. No caso de reiteración ou reincidencia no incumprimento das normas de acceso e permanencia nas zonas restrinxidas, o Concello poderá deixar sen efecto a tarxeta habilitante.

Artigo 15º.

O Concello poderá comprobar de oficio en calquera momento o cumprimento dos requisitos establecidos para o outorgamento das tarxetas, procedendo á anulación das que non reúnan, sen prexuízo doutras medidas ou sancións que puideran proceder.

Fisterra, 17 Xaneiro de 2018